Amplíanse os permisos por dó, nacemento e coidados

Persoal estatutario do SERGAS. A reforma modifica os artigos 48 e 49 do TREBEP, que se aplican ao persoal estatutario polo artigo 61.2 da Lei 55/2003.

Permiso por falecemento

Artigo 48.a bis do TREBEP

10 **días hábiles**
Cónxuxe ou parella de feito e familiares de **1º grao de consanguinidade:** nais, país, fillas e fillos.

3/5 **días hábiles • 5 se é noutra localidade**
Familiares de **1º grao de afinidade** (sogros, sogras, xenros e noras) e de **2º grao de consanguinidade ou afinidade** (irmás, irmáns, avós, netos/as, cuñados/as).

Cando se goza: poderá elixirse o inicio en calquera momento dentro das **catro semanas posteriores** ao falecemento. Tamén poderá gozarse de forma **descontinua,** sempre que as necesidades do servizo o permitan.

Nacemento, adopción, garda con fins de adopción e acollemento

COMO QUEDA PARA TRABALLADORAS/ES DO SERGAS

Tipo de permiso	Duración total	Distribución das semanas
Por nacemento para a nai biolóxica	**22** semanas	6 semanas a continuación do nacemento. 13 semanas ata o primeiro ano do/a menor. 3 semanas ata os 8 anos do/a menor.
Por adopción ou acollemento	**22** semanas	6 semanas a continuación da resolución. 13 semanas ata o primeiro ano do/a menor. 3 semanas ata os 8 anos do/a menor.
Por nacemento para o outro proxenitor/a	**20** semanas	6 semanas a continuación do nacemento, adopción ou acollemento. 11 semanas no primeiro ano do/a menor. 3 semanas ata os 8 anos do/a menor.

- A semana adicional será para os feitos causantes desde o 26/11/2026
- Poderá solicitarse a partir do 01/03/2027

Novos permisos de coidados

Coidado de fillas e fillos con cancro ou enfermidade grave

Artigo 49.1.e do TREBEP

- A nova redacción recolle expresamente a **monoparentalidade** para acceder á redución de xornada, de polo menos a metade, con retribucións íntegras.
- **Prórroga excepcional** máis alá dos límites de idade con gran discapacidade ou dependencia de grao 111, se persiste a convivencia e se acreditan os coidados.
- Nestes supostos, as dúas persoas titulares poden **compartir a redución ata un máximo conxunto do 100 %**. Non é un 100 % para cada unha.
- Posibilidade de recoñecer o permiso ás **dúas persoas proxenitoras** cando cada unha atenda unha persoa distinta da unidade familiar que reúna os requisitos.

Coidados paliativos

Artigo 48.h do TREBEP

Recoñécese expresamente a **redución de xornada** para o coidado directo do cónxuxe ou parella de feito, ou de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Engádese como causa para pedir esta redución os coidados paliativos.

Esta redución leva a correspondente diminución das retribucións.

Acompañamento nun proceso de eutanasia

Artigo 48.n do TREBEP

Novo permiso para o día en que se practique ou autoadministre a prestación de axuda para morrer, sempre que a persoa funcionaria fose designada por quen a recibe para acompañala.